

Axenda traballo do proxecto CIRCE:

Programa EU4 Salud (EU4H)

1 de febreiro de 2023

A atención primaria é unha prioridade crave en termos de elementos necesarios para fortalecer a resiliencia dos sistemas de saúde, así como para mellorar a súa accesibilidade. A nova Acción Conxunta CIRCE-JA, financiada por EU4Health, ten como obxectivo mellorar e fomentar a saúde na Unión Europea e fortalecer os sistemas de saúde mediante o reforzo da atención primaria de saúde

Reunión de presentación CIRCE-JA

6, 7 de marzo de 2023

Os días 6 e 7 de marzo de 2023 celebrouse en Sevilla a reunión de lanzamento do proxecto Circe-JA, onde se reuniron por primeira vez todos os socios, representantes dos 14 países e 45 entidades afiliadas involucradas.

O evento inaugural do proxecto, estruturouse en dúas xornadas e contou coa participación de ACIS e do SERGAS, representado por Alfonso Alonso, Subdirector xeral de Xestión Asistencial e Innovación, e Blanca Cimadevila, xefa do servizo de integración asistencial da Dirección Xeral de Asistencia Sanitaria.

O froito destas dúas xornadas de traballo foi sentar as bases para a correcta implantación das boas prácticas seleccionadas entre os estados membros participantes, acadando a mellora da atención primaria dos sistemas sanitarios europeos.

Webinar sobre BP2 "Telemonitorización domiciliaria en Atención Primaria de enfermidades crónicas y Covid-19 – TELEA"

30 de outubro de 2023

Galicia acolleu a sexta sesión dos webinars entre os propietarios das mellores prácticas e as súas rexións implementadoras, celebrada o luns 30 de outubro de 2023. A mellor práctica abordada neste webinar foi a Telemonitorización Domiciliaria en Atención Primaria para enfermidades crónicas e Covid-19 (TELEA).

A esta xornada asistiron os propietarios de BP (Servizo Galego de Saúde - SERGAS e Axencia Galega de Saúde - ACIS); os pilotos que implementarán o sistema galego de telemedicina nos seus respectivos territorios: as rexións italianas de Piemonte, Teramo e Módena, e a rexión sueca de Norbotten; así como representantes dos paquetes de traballo do proxecto.

A sesión comezou cunha breve recensión das actividades que levarán a cabo nos próximos meses no WP5 (Metodoloxía para o proceso de transferencia e avaliación de necesidades) e WP6 (Proceso de transferencia e avaliación de necesidades) e que terá como obxectivo proporcionar aos pilotos de implementación as ferramentas adecuadas para comezar co proceso de transferencia de BP.

A continuación, tomou a palabra o Servizo de Integración Sanitaria do SERGAS, para presentar TELEA. Durante a súa intervención, destacou as características do sistema sanitario e demográfico galego, os elementos clave da telemonitorización, os actores implicados e os resultados positivos obtidos, que se traduciron no empoderamento dos pacientes e a mellora da súa calidade de vida.

Posteriormente, durante a rolda de debate, os pilotos de implantación poderon expor as súas dúbidas, solicitar información, expoñer as barreiras que poderían interferir na adopción deste BP nos seus territorios, así como os pasos e actividades que deberán levar a cabo para implantar con éxito o modelo galego de telemonitorización nas súas correspondentes rexións.

Webinar sobre BP2 TELEA. SERGAS, ACIS e NORRBOTTEN reúnense online para traballar na transferencia do sistema galego de Telesistencia (BP2 TELEA)

20 de decembro de 2023

O 20 de decembro de 2023 a Axencia Galega do Coñecemento en Saúde (ACIS) e o Servizo Galego de Saúde (SERGAS) mantiveron unha reunión en liña con representantes da Rexión Sueca de Norrbotten e do Swedish National Board of Health and Welfare, no marco do WP6 - Transferring process and Pilot implementation.

Esta reunión en liña tivo como obxectivo profundizar na análise dunha das mellores prácticas seleccionadas pola Comisión Europea, TELEA Telemonitorización domiciliaria en Atención Primaria para enfermidades crónicas e Covid-19, que será transferida e implementada nas rexións europeas de Norrbotten (Suecia), Piemonte, Teramo, Emilia-Romagna (Italia).

A sesión foi dirixida por Blanca Cimadevila, Xefa do Servizo de Integración Sanitaria e Marta Álvarez, enfermeira e técnico do Servizo de Integración Sanitaria do SERGAS; así como por Sofi Nordmark e Sara Sjolund-Andoff, da Xunta Nacional de Saúde e Benestar, e Susan Norberg, da Rexión Norrbotten de Suecia.

A reunión comezou cunha presentación por parte do SERGAS sobre as características esenciais que definen a telesistencia galega, os elementos clave para o éxito da implantación da telemonitorización e as experiencias piloto levadas a cabo en Galicia.

Ademais, o encontro en liña contou coa participación de Daniel Simón Valero, enfermeiro, formador TELEA e técnico do Servizo Galego de Innovación, que explicou o funcionamento da plataforma TELEA e a formación que o SERGAS impartiu aos profesionais sanitarios para integrar o uso da telemonitorización na práctica asistencial diaria.

Doutra banda, Eduardo Martínez, enfermeiro dun centro de atención primaria, participou na reunión para explicar as rutinas de traballo dos profesionais sanitarios que operan con TELEA, e tamén expuxo as utilidades e beneficios da teleasistencia desde a perspectiva dos coidados de enfermería.

Durante esta reunión de dúas horas, os implantadores suecos poderon plantexar preguntas, solicitar información adicional e profundizar en temas de interese sobre a teleasistencia.

En conclusión, a reunión permitiu aos representantes de ambas rexións coñecer mellor o sistema galego de teleasistencia, comprender as diferencias entre os seus sistemas sanitarios e profundizar no coñecemento das barreiras, necesidades e actividades que serán necesarias para facilitar a transferencia do sistema galego de telemonitorización á rexión de Norrbotten.

CIRCE Joint Action on Transfer of Best Practices in Primary Care

ONLINE MEETING GALICIA - NORRBOTTEN

Implementation of Home telemonitoring in Primary Care
TELEA

December 20, 2023

